



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN EN DATA 30 DE XULLO DE 2026

PRESIDENTE:

PABLO DIEGO MOREDA GIL

MEMBROS:

CARMELA PRIETO CAL

JESÚS ROMERO CARRACELAS

LUCÍA PICOS ANEIROS

ISMAEL DURÁN BEREJO

XULIO CRIBEIRO GARCÍA

PABLO LUÍS NEBRIL LÓPEZ

OLGA IGLESIAS BEREJO

HIGINIO MANUEL CASAS REGUEIRA

MARÍA JOSÉ PERNAS DÍAZ

NOEL LÓPEZ LÓPEZ

MANUELA LÓPEZ RODRÍGUEZ

Mª DIANA CENDÁN RODRÍGUEZ

SECRETARIO:

NEDAL PABLO SHEHADEH REY

INTERVENTORA:

Mª CARMEN MENÉNDEZ ARES

Na Casa Consistorial do Concello de Cedeira (A Coruña), ás 20:00 horas do día 30 de xullo de 2026, reúnese o Concello Pleno en primeira convocatoria, previa convocatoria para os efectos, co obxecto de realizar sesión ordinaria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente e coa asistencia dos Sres./Sras. Concelleiros/as que arriba se relacionan, actuando como Secretario da Corporación, don Nedal Pablo Shehadeh Rey, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións plenarias, declara aberta esta.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO PLENO ORDINARIO DE DATA 04.06.2026.

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión de data 04.06.2026.

A Presidencia somete a votación ordinaria a aprobación da acta do pleno anterior, correspondente ao ordinario de data 04.06.2026, resultando aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes.

2. APROBACIÓN DA CONTA XERAL 2025. EXPEDIENTE: 2026/T017/000001

Polo Secretario dáse lectura á proposta de Alcaldía de data 13 de xullo de 2026, que di:



“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Expediente: 2026/T017/000001

Asunto: Conta Xeral 2025

Vista a Conta Xeral do exercicio 2025, xunto con toda a súa documentación anexa á mesma, segundo a lexislación vixente.

De acordo co informe de Intervención emitido sobre ela de data 07 de abril de 2026, e o Ditame da Comisión Especial de Contas emitido con data 30 de abril de 2026.

Visto que a mesma expúxose ao público para que puidesen presentarse reclamacións, reparos ou observacións, e que durante ese prazo non se presentaron en tempo e forma alegacións, como reflícte o certificado da Secretaría xeral do concello de 02 de xuño de 2026.

Proponse ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar a Conta Xeral do exercicio 2025.

SEGUNDO. Render a Conta Xeral así aprobada e toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas, tal e como se establece no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, así como ao Consello de Contas de Galicia.”

Aberto o turno de intervencións non se produce ningunha.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por nove (9) votos a favor, do PSdeG-PSOE (5) e do BNG (4), e catro (4) abstencións do PP, ACORDA: APROBAR a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

3. MODIFICACIÓN DO ANEXO DE SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS RECOLLIDAS NAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2026. EXPEDIENTE: 2026/G006/000185

Polo Secretario dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 24 de xullo de 2026, que di:

“Vista a Proposta da Alcaldía de data 20.07.2026, que di:

“**Expediente:** 2026/G006/000184

Asunto: MODIFICACIÓN DO ANEXO DE SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS RECOLLIDAS NAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2026

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vistos os Orzamentos Xerais do Concello de Cedeira para o exercicio 2026, nos que se inclúen nas súas Bases de Execución o Anexo de Subvencións Nominativas, subscritas polo Alcalde.



Visto que resulta necesario modificar o Anexo de Subvencións Nominativas recollidas nas Bases de Execución do orzamento municipal de Cedeira para o exercicio 2026 para a inclusión dunha nova subvención nominativa a favor da entidade Escola de Música Vila de Cedeira con CIF G70429543 coa finalidade de contribuír ao financiamento dos gastos de funcionamento da Escola de música de Cedeira.

Visto o informe de control financeiro de Intervención de data 20 de xullo de 2026.

Visto o expediente tramitado para a modificación do Anexo de Subvencións Nominativas recollidas nas Bases de Execución do orzamento municipal de Cedeira para o exercicio 2026, previo ditame da Comisión Informativa de Plenos, esta Alcaldía propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación do Anexo de Subvencións Nominativas recollidas nas Bases de Execución do orzamento municipal de Cedeira para o exercicio 2026 consistente na inclusión da seguinte subvención nominativa:

APLIC.	CAP.	IMPORTE	DENOMINACION APLICACION	PERCEPTORA	NIF/CIF	FINALIDADE
334.48900	2	34.500,00	Cultura. Outras transferencias	Escola de música Vila de Cedeira	G70429543	Contribuír ao financiamento dos gastos de funcionamento da Escola de música de Cedeira

SEGUNDO.- Que se expoña ao público polo prazo de 15 día hábiles, a efectos de reclamacións, de acordo co preceptuado no artigo 169.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

TERCEIRO.- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo considerárase definitivamente aprobada a modificación, en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

CUARTO.- Que de conformidade co artigo 169.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, se remita copia da modificación á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma.”

A Comisión, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda ditaminar a devandita proposta favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

Aberto o turno de intervencións, a Sra. Prieto Cal di: Carmen, teño unha dúbida, é que me din conta agora, perdón. Non debería ser para este ano a parte proporcional?

A Sra. Interventora di: Isto é o que estaba nas bases de concorrencia.

A Sra. Prieto Cal di: Pero, a ver...

A Sra. Interventora di: Ten que ser a metade do ano.

A Sra. Prieto Cal di: Claro, claro. Vale.

A Sra. Interventora di: Para este ano estaba...collino de aí



A Sra. Prieto Cal di: Claro, estaba recollida porque é o último pago do primeiro, pero o último pago en realidade dentro da anterior convocatoria, ao mellor? Non me estou explicando nada ben.

O Sr. Secretario di: Posteriormente, na tramitación administrativa na que se dilucidará se procede ou non.

A Sra. Interventora di: Si. A ver, é a contía máxima, se despois se...

A Sra. Prieto Cal di: Ah, vale! Pois xa está, perdón.

O Sr. Secretario di: Isto refléxase no Presuposto, nada máis.

A Sra. Prieto Cal di: Vale, vale. Perdón.

O Sr. Secretario di: Non é a súa concesión, para elo despois tramítase un expediente.

A Sra. Interventora di: Despois se é menos é no convenio que se asina.

A Sra. Prieto Cal di: Vale. Perdón. Grazas.

A Sra. Interventora di: Copieino das bases, debeu haber un erro nas últimas.

A Sra. Prieto Cal di: Non, eu supoño que é porque este ano ao final si que é o completo, pero ao rematar en xuño o convenio anterior.

A Sra. Interventora di: Claro, quedaría a metade.

A Sra. Prieto Cal di: Quedaría a metade, o resto xa o recibiron, entón non lles correspondería a subvención enteira para este ano.

A Sra. Interventora di: Correspondería a metade.

A Sra. Prieto Cal di: Supoño, non sei como é a nivel de procedemento.

A Sra. Interventora di: E aínda que poña iso é que se lle poden dar ata 34.500 euros.

A Sra. Prieto Cal di: Vale, vale. Non me din conta. Non me fixara na contía ata agora. Perdón.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

4. SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA SEGUNDA FASE DO POS+ADICIONAL 2/2026 PARA GASTO CORRENTE. EXPEDIENTE: 2026/G006/000185

Polo Secretario dáse lectura, en extracto, ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 24 de xullo de 2026, que di:

“Vista a Proposta da Alcaldía de data 17.07.2026, que di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA



Asunto: SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA SEGUNDA FASE DO POS+ADICIONAL 2/2026 PARA GASTO CORRENTE

Con data de abril de 2026 recibíuse do Servizo de Xestión de Plans da Excma. Deputación Provincial unha circular sobre a elaboración do POS+ADIC 2/2026 PARA INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES DO PLAN COMPLEMENTARIO, e corresponde ao Concello de Cedeira a cantidade de 539.586,80 €.

Mediante a Resolución de Alcaldía núm. 274/2026 de 5 de maio foi solicitada a participación na 1ª Fase do POS+Adicional 2/2026, e a achega provincial pendente para a 2ª Fase deste plan é de 65.423,79 €.

Por isto, propoño ao Pleno da corporación a adopción do seguinte acordo:

1.- “Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “**POS+ ADICIONAL 2/2026**” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes: (Só cando proceda)

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados no 2026, distintos dos solicitados, de ser o caso, no POS+ 2026 base ou POS+Adicional 3/2026	65.423,79

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles non solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2026:

Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+2026 e NON solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2026	Financiamento dos investimentos				Orzamento total
	Deputación	Concello			
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total concello	
TOTAL	0,00			0,00	0,00

Investimentos financeiramente sostibles novos NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2026	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total concello	
TOTAL	0,00			0,00	0,00

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2026 e que se relacionan nesta táboa.

C) Resumo de financiamento:



		Concello			
POS+ ADICIONAL 2/2026 2ª FASE	Deputación	Concello	IVE soportado deducible	Total concello	Orzamento Total
Gastos correntes do 2026 distintos dos solicitados no Plan Base (Só cando proceda)	65.423,79				65.423,79
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2026 non solicitados na 1ª fase do POS+Adicional 2/2026	0,00				0,00
Investimentos novos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2026	0,00				0,00
TOTAL	65.423,79				65.423,79

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal aos investimentos incluídos neste Plan se a houbera, procedentes dos propios recursos presupostarios ordinarios do concello ou de ingresos procedentes de operacións de crédito con entidades financeiras.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

A Comisión, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda ditaminar a devandita proposta favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

Aberto o turno de intervencións o Sr. Alcalde di: Claro, é que aquí o que di é que dos 539.586,80, 65.3423,79 de gasto corrente, os proxectos aqueles previos que aprobamos aquí son os que xa están dotados de crédito e por iso aparece esta letanía do punto número 2.



O Sr. Secretario di: Queda claro? Alguén ten algunha dúbida?

O Sr. Alcalde di: Pasamos a votar.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

5. RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 403/2026 DE DATA 01.07.2026 DE APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO “AMPLIACIÓN E REFORMA DO PARQUE INFANTIL DO FLOREAL”. POS+COMPLEMENTARIO 2026

Polo Secretario dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 24 de xullo de 2026, que di:

“Vista a Resolución de Alcaldía núm. 403/2026 de data 01.07.2026, que di:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO “AMPLIACIÓN E REFORMA DO PARQUE INFANTIL DO FLOREAL”. POS+COMPLEMENTARIO 2026

Expte. 2026/C003/000005

Mediante o acordo plenario de data 04.02.2026 solicitouse a participación no POS+2026 da Deputación Provincial, no cal foi incluído entre outros, o proxecto denominado "**Ampliación e reforma do parque infantil do Floreal**".

Con data 27.05.2026 recibíuse un requirimento do Servizo de Xestión de Plans da Deputación Provincial para emendar erros do proxecto técnico relativos a cadros de prezos e medicións; con data 15.06.2026 (R.E. 2026/999/1307) recibíuse o proxecto emendado, asinado dixitalmente na mesma data polo redactor do proxecto D. Miguel Fiuza Canosa; e posteriormente foi enviado a través da plataforma SUBTEL á Deputación Provincial.

Con data 29.06.2026 recibíuse unha comunicación do Servizo de Xestión de Plans da Deputación Provincial relativa á supervisión favorable do proxecto emendado enviado.

Por isto, **RESOLVO:**

- 1.- Aprobar o proxecto técnico denominado “Ampliación e reforma do parque infantil do Floreal”, emendado de acordo co requirimento do Servizo de Xestión de Plans da Deputación Provincial e asinado dixitalmente con data 15.06.2026 polo redactor D. Miguel Fiuza Canosa, o cal contén modificacións que non afectan á natureza e finalidade dos investimentos a realizar nin á súa valoración económica.
- 2.- Dar traslado da presente resolución á Deputación Provincial a través da plataforma telemática SUBTEL para a súa inclusión no POS+2026, en substitución do exemplar inicialmente enviado.
- 3.- Ratificar a presente resolución polo Pleno da corporación na vindeira sesión que realice.”

A Comisión, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda emitir ditame favorable e propoñer ao Pleno a ratificación da Resolución de Alcaldía núm. 403/2026, de data 01.07.2026.”



Aberto o turno de intervencións non se produce ningunha.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA: RATIFICAR a Resolución de Alcaldía núm. 403/2026, de data 01.07.2026.

6. RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 404/2026 DE DATA 01.07.2026 DE APROBACIÓN DO PROXECTO EMENDADO “MELLORA DE ACCESOS E CORRECCIÓN DE DEFICIENCIAS EN GRUPO ESCOLAR DE SAA”. POS+COMPLEMENTARIO 2026

Polo Secretario dásese lectura, en extracto, ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 24 de xullo de 2026, que di:

“Vista a Resolución de Alcaldía núm. 404/2026 de data 01.07.2026, que di:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: APROBACIÓN DO PROXECTO EMENDADO “MELLORA DE ACCESOS E CORRECCIÓN DE DEFICIENCIAS EN GRUPO ESCOLAR DE SAA”. POS+COMPLEMENTARIO 2026

Expte. 2026/C003/000007

Mediante o acordo plenario de data 04.02.2026 solicitouse a participación no POS+2026 da Deputación Provincial, no cal foi incluído entre outros, o proxecto denominado **"Mellora de accesos e corrección de deficiencias en Grupo Escolar de Saa"**.

Con data 27.05.2026 recibíuse un requirimento do Servizo de Xestión de Plans da Deputación Provincial para emendar erros do proxecto técnico relativos ao prego de condicións, medicións e orzamentos e outros; con data 16.06.2026 (R.E. 2026/999/1319) recibíuse o proxecto emendado, asinado dixitalmente o 15.06.2026 polo redactor do proxecto D. Miguel Fiuza Canosa; e posteriormente foi enviado a través da plataforma SUBTEL á Deputación Provincial.

Con data 29.06.2026 recibíuse unha comunicación do Servizo de Xestión de Plans da Deputación Provincial relativa á supervisión favorable do proxecto emendado enviado.

Por isto, **RESOLVO:**

- 1.- Aprobar o proxecto técnico denominado “Mellora de accesos e corrección de deficiencias en Grupo Escolar de Saa”, emendado de acordo co requirimento do Servizo de Xestión de Plans da Deputación Provincial e asinado dixitalmente con data 15.06.2026 polo redactor D. Miguel Fiuza Canosa, o cal contén modificacións que non afectan á natureza e finalidade dos investimentos a realizar nin á súa valoración económica.
- 2.- Dar traslado da presente resolución á Deputación Provincial a través da plataforma telemática SUBTEL para a súa inclusión no POS+2026, en substitución do exemplar inicialmente enviado.
- 3.- Ratificar a presente resolución polo Pleno da corporación na vindeira sesión que realice.”

A Comisión, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda emitir ditame favorable e propoñer ao Pleno a ratificación da Resolución de Alcaldía núm. 404/2026, de data 01.07.2026.”



Aberto o turno de intervencións non se produce ningunha.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA: RATIFICAR a Resolución de Alcaldía núm. 404/2026, de data 01.07.2026.

7. APROBACIÓN DA ADHESIÓN DO CONCELLO DE CEDEIRA AO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO DA XUNTA DE GALICIA E OS SISTEMAS DE RESPONSABILIDADE AMPLIADA DOS PRODUTORES DE RESIDUOS DE ENVASES DOMÉSTICOS DE ENVASES LIXEIROS E PAPEL/CARTÓN DUN SÓ USO. (EXPTE 2026/A006/000006)

Polo Sr. Presidente sométese a consideración do Pleno a ratificación da inclusión da proposición na orde do día, de conformidade co previsto no artigo 82.3 do ROF, resultando APROBADA a súa inclusión por unanimidade dos membros presentes.

Polo Secretario dáse lectura á proposta de Alcaldía de data 27 de xullo de 2026, que di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: APROBACIÓN DA ADHESIÓN DO CONCELLO DE CEDEIRA AO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO DA XUNTA DE GALICIA E OS SISTEMAS DE RESPONSABILIDADE AMPLIADA DOS PRODUTORES DE RESIDUOS DE ENVASES DOMÉSTICOS DE ENVASES LIXEIROS E PAPEL/CARTÓN DUN SÓ USO. (EXPTE 2026/A006/000006)

Visto que o 29 de xaneiro de 2026 asinou se entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e o sistema de responsabilidade ampliada dos produtores (SRAP) de envases domésticos de envases lixeiros e de papel cartón dun só uso denominado Ecoembalajes de España, SA (ECOEMBES) un novo convenio nesta materia coa vontade de facilitarlle ás entidades locais que desexen adherirse ao mesmo un instrumento xurídico ao abeiro do cal as partes involucradas organicen, consonte ás competencias que a cada unha lle corresponden, as actividades de xestión destes residuos co fin de asegurar, no ámbito da nosa Comunidade Autónoma e para o período 2026-2030, o esixido no marco normativo aplicable, sinaladamente no Real decreto 1055/2022, do 27 de decembro, envases e residuos de envases, así como nas demais normas legais que sexan de aplicación a este tipo de residuos.

Visto que no documento asinado, establécense e regúlanse os compromisos:

- da Consellería,
- dos SRAP de envases domésticos de envases lixeiros e papel cartón dun só uso asinantes e dos que voluntariamente se puidesen adherir con posterioridade ao mesmo, sen prexuízo das obrigas que cada unha das partes teñen asignadas conforme a normativa vixente,
- así como tamén das entidades locais ou entidades que teñan atribuída, no seu nome, a competencia na xestión dos residuos domésticos (en diante, todos eles EELL), e que voluntariamente decidan adherirse.

As entidades locais que o desexen poden adherirse a este convenio consonte ao establecido na súa cláusula terceira, así como no Anexo XII do documento.

Considerando o interese deste Concello na adhesión ao dito Convenio.



Vista a memoria xustificativa, que esixen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público.

Visto o informe de Secretaría de data 22.07.2026, no que se conclúe: “ *infórmase favorablemente, desde o punto de vista xurídico, a adhesión do Concello ao convenio marco de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia e os sistemas de responsabilidade ampliada de produtor (SRAP) de residuos de envases domésticos de envases lixeiros e papel e cartón dun só uso.*”

Visto o informe de Intervención de data 23.07.2026, no que se conclúe: “*infórmase favorablemente a ADHESIÓN DO CONCELLO DE CEDEIRA AO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO DA XUNTA DE GALICIA E OS SISTEMAS DE RESPONSABILIDADE AMPLIADA DE RESIDUOS DE ENVASES DOMÉSTICOS DE ENVASES LIXEIROS E PAPEL CARTÓN DUN SÓ USO.*”

Considerando que a competencia para a aprobación dos convenios de colaboración está atribuída á Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía realizada mediante Resolución nº 345/2023, de 10 de xullo; non obstante, no presente suposto pode considerarse o Pleno do Concello como o órgano competente, en virtude do previsto no art. 22.2.f) da LBRL que prevé a competencia do Pleno en canto a aprobación da forma de xestións dos servizos sendo necesario o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da corporación, segundo o previsto no artigo 47.2 h) da LBRL.

En base ó exposto, en uso das atribucións que me confire a normativa vixente en materia de réxime local, propono ó Pleno do Concello a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar a adhesión do Concello de Cedeira ao **Convenio Marco de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia e os Sistemas de Responsabilidade Ampliada dos Produtores de residuos de envases domésticos de envases lixeiros e papel/cartón dun só uso** asinado o 29 de xaneiro de 2026 entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e o sistema de responsabilidade ampliada dos produtores (SRAP) de envases domésticos de envases lixeiros e de papel cartón dun só uso denominado Ecoembalajes de España, SA (ECOEMBES), participando desta forma no SRAP, segundo o disposto no art. 33.2.a) do Real Decreto 1055/2022 do 27 de decembro.

SEGUNDO.- Adhesión ao Convenio marco

O **Concello de Cedeira** manifesta coñecer o contido do Convenio Marco, incluídos todos os seus Anexos, quedando obrigado polo seu contido naquilo que sexa de aplicación en función do réxime competencial de xestión aplicable.

De acordo ao previsto no Convenio Marco, o **Concello de Cedeira** subscribe o Protocolo de Adhesión de acordo coas cláusulas establecidas no mencionado Convenio Marco e coas seguintes condicións particulares.

TERCEIRO.- Declaración de responsabilidade

O **Concello de Cedeira** comprométese na aceptación formal das condicións establecidas no Convenio Marco, no que se regulan as condicións de participación.

O **Concello de Cedeira** manifesta que as cantidades devindicadas en aplicación do Convenio marco serán destinadas ao financiamento de todas as actuacións previstas nel e en ningún caso para fins distintos aos descritos no Convenio Marco.



Ademais, o **Concello de Cedeira** manifesta que poñerá en marcha as medidas necesarias para lograr unha mellora continua dos resultados e eficiencia do sistema, permitindo para iso a participación e colaboración da Comunidade Autónoma e do SRAP.

Igualmente, tomará as medidas necesarias en caso de detectar desviacións ou incumprimentos no ámbito das citadas operacións.

CUARTO.- Modalidade de xestión elixida.

☐ Modalidade A: “SRAP ORGANIZA TOTALMENTE E FINANCIA”

☐ Modalidade B: “SRAP ORGANIZA PARCIALMENTE E FINANCIA”

X Modalidade C: “SRAP FINANCIA”

* A modalidade A non se contempla dentro do Convenio subscrito entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e Ecoembes.

** Na modalidade B, de conformidade co artigo 29.7 de RDERE.

*** A elección do modelo de xestión por parte da Entidade resultará sempre de aplicación conforme as condicións pactadas nos termos que se reflicten nos seus Anexos tanto presentes como aqueles que, a futuro, acompañense ao mesmo.

QUINTO.- Designación de recuperador/reciclador dos residuos de papel e cartón procedentes da recollida selectiva monomaterial

De acordo co previsto no Anexo de designación do reciclador /valorizador para os materiais recuperados do Convenio Marco a Entidade opta por:

♣ O SRAP designe ao recuperador ou reciclador ao que se entregará o material recolleito.

X A Entidade designará ao recuperador ou reciclador ao que lle entregará o material recolleito, comprometéndose a comunicar a devandita designación ao SRAP.

SEXTO.- Tramitación da solicitude de adhesión a través da plataforma electrónica habilitada ao efecto e consonte ao modelo e ficha de adhesión que se acompañan como Anexo XII ao texto do Convenio Marco, para remitir a solicitude a través do procedemento PR004 dispoñible na Sede Electrónica da Xunta de Galicia.

FICHA DE ENTIDADE RELATIVA Á SOLICITUDE DE ADHESIÓN AO CONVENIO MARCO EN MATERIA DE RESIDUOS DE ENVASES DE LIXEIROS E DE PAPEL CARTÓN**Datos da administración pública que solicita a adhesión**

Administración pública que solicita a adhesión	Concello de Cedeira
--	----------------------------

Comarca	Ferrolterra
---------	--------------------

NIF administración	P1502200G
--------------------	------------------

Provincia	A Coruña
-----------	-----------------



Municipio	Cedeira
Enderezo	Rúa Real, 15
Código postal	15.350
Poboación/s á/s que se presta servizo * No caso de que a solicitude sexa presentada por unha entidade supramunicipal deberán seleccionarse os municipios englobados nela.	6.573 (IGE,2025)
Persoa de contacto	Pablo Diego Moreda Gil
Teléfono	607 407 338
Enderezo electrónico	alcaldia@cedeira.gal

Modalidade de adhesión	
Modalidade A - SRAP organiza totalmente e financia	
Modalidade B – SRAP organiza parcialmente e financia	
Modalidade C – SRAP financia	X

Designación de recuperador/reciclador dos residuos de papel e cartón procedentes da recollida selectiva monomaterial	
SRAP designa recuperar ou reciclador	
Entidade designará ao recuperador ou reciclador	X
Selección de envases lixeiros (a cubrir por Entidades que teñan planta de selección de envases lixeiros procedentes do contedor amarelo)	
SRAP designa recuperadores ou recicladores	
Entidade titular da planta designará ao recuperadores ou recicladores	



Selección de envases lixeiros procedentes da fracción resto (a cubrir por Entidades que teñan planta de selección de envases lixeiros procedentes da fracción resto)	
SRAP designa recuperadores ou recicladores	
Entidade titular da planta designará ao recuperadores ou recicladores	

SÉTIMO.- Facultar ao Alcalde para a sinatura dos trámites relacionados coa adhesión.

OITAVO.- Realizar os trámites oportunos para a formalización da adhesión.”

Aberto o turno de intervencións non se produce ningunha.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade do seus membros presentes, e polo tanto, polo voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, ACORDA: APROBAR a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

8. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA ADOPTADAS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA

En cumprimento do disposto no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por RD 2568/1986, a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas desde a realización da última sesión plenaria con carácter ordinario, aos efectos de control e fiscalización dos órganos previstos no artigo 22.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Nº Decreto	Asunto
00331/2026	NOMEAMENTO DE BENIGNO PÉREZ GARCÍA COMO TESOUREIRO ACCIDENTAL DENDE O 3 AO 30 DE XUÑO DE 2026
00332/2026	NOMEAMENTO DE DON NEDAL PABLO SHEHADEH REY COMO SECRETARIO XERAL DO CONCELLO DE CEDEIRA TRAS AUTORIZACIÓN DE COMISIÓN DE SERVIZOS POR RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL - NCS-2026-017.
00333/2026	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000039396 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
00334/2026	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000039159 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
00335/2026	DENEGACION DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA NECESIDADES BASICAS DE SUBSISTENCIA (ALIMENTACION E HIXIENE) EXPTE TEDEC 2026/S009/000022
00336/2026	APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES E ASOCIACIÓNS SOCIOCULTURAIS DE ÁMBITO MUNICIPAL PARA O ANO 2026.
00337/2026	APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCÍONS DESTINADAS ÁS COMISIÓNS DE FESTAS PARROQUIAIS DE CEDEIRA ANO 2026.
00338/2026	INSCRICIÓN ANIMAL POTENCIALMENTE PERIGOSO NO REXISTRO MUNICIPAL (EXPTE 2026/R002/000005)
00339/2026	APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES E ASOCIACIÓNS DEPORTIVAS DE ÁMBITO MUNICIPAL DE CEDEIRA



	PARA O ANO 2026
00340/2026	AUTORIZACIÓN PARA OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL E INTERVENCIÓN EN REDE ELÉCTRICA.
00341/2026	INGRESO SANCIÓN IMPOSTA POR AUGAS DE GALICIA POR EXPED. INCUMPRIMENTO VERQUIDOS EDAR DE S ROMAN
00342/2026	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN AO ABEIRO DA RESOLUCIÓN DEL SECRETARIO DE ESTADO DE CULTURA POR LA QUE SE CONVOCAN LAS SUBVENCIONES PARA LA MODERNIZACIÓN Y SOSTENIBILIDAD DE LAS BIBLIOTECAS PÚBLICAS MUNICIPALES, CORRESPONDIENTES AL AÑO 2026.
00343/2026	ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN PARA ACTUACIÓNS DE MELLORA E DE PROTECCIÓN DO AMBIENTE E DO ESPAZO NATURAL, AO ABEIRO DA LIÑA NON COMPETITIVA DO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL PARA O ANO 2026
00344/2026	SOLICITUDE DE AXUDA PARA O PROXECTO "NAVE PARA DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES ACUÁTICAS" AO ABEIRO DA ORDE DO 27 DE ABRIL DE 2026 DA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES POLA QUE SE ESTABLECEN OS CRITERIOS DE DISTRIBUCIÓN DO FONDO ADICIONAL AO FONDO DE COOPERACIÓN LOCAL DESTINADO Á REALIZACIÓN DE INVESTIMENTOS EN INFRAESTRUCTURAS MUNICIPAIS DE CARÁCTER ESTRATÉXICO. PR486E
00345/2026	APROBACIÓN PLAN SEG. E SAUDE DA OBRA DE CONSTRUCCIÓN DO CENTRO DE ADESTRAMENTO DEPORTIVO ESPECIALIZADO EN CEDEIRA
00346/2026	LEVANTAMIENTO REPARO Y APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F/2026/24
00347/2026	LEVANTAMIENTO REPARO Y APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F/2026/25 (GAS NATURAL)
00348/2026	SOLICITUDE DE AES MUNICIPAL PARA GASTOS RELACIONADOS COA VIVENDA (ALUGUER) E NECESIDADES BASICAS DE SUBSISTENCIA(ALIMENTACION E HIXIENE) EXPTE TEDEC 2026/S009/000025
00349/2026	DEVOLUCIÓN DE INGRESOS INDEBIDOS CURSO DE TAPICES DE MARCELA ALEJANDRA AMOEDO FARIAS
00350/2026	APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A ASOCIACIÓN MARES DE CEDEIRA AÑO 2026
00351/2026	CONCESION DE AMPLIACION DO PRAZO DE EXECUCION DA OBRA DE RENOVACION DOS PAVIMENTOS NAS RUAS ORTIGUEIRA, RIO CONDOMIÑAS E OUTRAS. POS+2023
00352/2026	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000039476 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
00353/2026	AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO PARA CANALIZACIÓN DE LIÑA SUBTERRÁNEA DE BAIXA TENSIÓN PARA SUBMINISTRACIÓN ELÉCTRICA DUNHA VIVENDA UNIFAMILIAR SITUADA NA RÚA CRISTO, S/N, PROMOVIDA POR UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A.
00354/2026	AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO PARA TENDIDO DUNHA LIÑA SOTERRADA DE BAIXA TENSIÓN PARA SUBMINISTRACIÓN A EDIFICIO PLURIFAMILIAR NA RÚA GRANXA, S/N A NOME DE UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDAD, S.A.
00355/2026	SOLICITUDE DE AES MUNICIPAL PARA GASTOS RELACIONADOS COA VIVENDA (ALUGUER) E NECESIDADES BASICAS DE SUBSISTENCIA(ALIMENTACION E HIXIENE) EXPTE TEDEC 2026/S009/000026
00356/2026	APROBACIÓN DO ANTICIPO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A ASOCIACIÓN MARES DE CEDEIRA AÑO 2026
00357/2026	NOMEAMENTO SECRETARIA ACCIDENTAL
00358/2026	ASISTENCIAS MEMBROS CORPORACIÓN MUNICIPAL DE MAIO DE 2026
00359/2026	PRÓRROGA DA VIXENCIA DA BOLSA DE TRABAJO PARA REALIZAR CONTRATACIÓNS LABORAIS TEMPORAIS OU NOMEAMENTOS INTERINOS COMO OPERARIO-CONDUCTOR
00360/2026	DELEGACIÓN DA PRESIDENCIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO E DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 12.06.2026
00361/2026	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 1233/2026 RESOLUCIÓN DE PRIMERAS ALEGACIONES ORDINARIO
00362/2026	CONTINUIDADE DA FUNCIONARIA INTERINA DONA IRIS PITA LEONARDO NO POSTO DE



	ADMINISTRATIVA CÓDIGO 15022AD-02 ADSCRITA AO DEPARTAMENTO DE ADMINISTRACIÓN XERAL.
00363/2026	RESOLUCION COMPLEMENTARIA A RESOLUCION DE ALCALDIA NUM 362/2026 DE DATA 11.06.2026
00364/2026	PERSOAMENTO E SOLICITUDE Á EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA QUE A SÚA ASESORÍA XURÍDICA SE FAGA CARGO DA DEFENSA XUDICIAL NO PROCEDEMENTO ABREVIADO 126/2026 (EXPTE 2026/P002/000009)
00365/2026	CONTRACIÓN LABORAL TEMPORAL DE DON ESTEBAN PRIETO HUERTAS E DON DARIO RAÑALES GONZÁLEZ COMO PEÓNS AO ABEIRO DO PROGRAMA GALICIA SUMA TALENTO: RURAL ACTIVO 2026 (EXPEDIENTE TR351G-2026-00000042-01).
00366/2026	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA GASTOS RELACIONADOS CON NECESIDADES BASICAS DE SUBSISTENCIA EXPTE TEDEC 2026/S009/000028
00367/2026	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA GASTOS RELACIONADOS COA VIVENDA E CON NECESIDADES BASICAS DE SUBSISTENCIA EXPTE TEDEC 2026/S009/000027
00368/2026	CONTRATO MENOR DE SERVICIOS DE COORDINACION XERAL DO FESTIVAL JAZZ DE RIA
00369/2026	CONTRATO MENOR DE ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE XABIER DIAZ CUARTETO NO FESTIVAL JAZZ DE RIA
00370/2026	ACCESO AO ARQUIVO MUNICIPAL (EXPEDIENTE 2026/X005/000003)
00371/2026	CONTRATACIÓN DE DONA MARÍA CONSUELO FREIRE BELLO COMO AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR MEDIANTE CONTRATOS DE DURACIÓN DETERMINADA SEGUNDO O ESTABLECIDO NO ARTIGO 15 DO REAL DECRETO LEXISLATIVO 2/2015, DO 23 DE OUTUBRO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI DO ESTATUTO DOS TRABALLADORES.
00372/2026	CONVENIO CON AGADIC 2026 -SEMESTRES 1 E 2
00373/2026	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE E MOBILIDADE REDUCIDA
00374/2026	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE E MOBILIDADE REDUCIDA EXPTE TEDEC 2026/V006/000008
00375/2026	CONTRATO MENOR DE SERVICIOS DE ILUMINACIÓN E SON PARA O FESTIVAL JAZZ DE RÍA
00376/2026	RESOLUCIÓN QUE APROBA AS LISTAS PROVISIONAIS DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS AO PROCESO DE SELECCIÓN PARA CONTRATAR TRES PEÓNS/PEOAS E UN/UNHA LIMPADOR/RA AO ABEIRO DO PLAN DE EMPREGO LOCAL -PEL-CONCELLOS MEDIANTE A EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVICIOS MUNICIPAIS DOS CONCELLOS DA PROVINCIA PEL CONCELLOS 2026
00377/2026	LEVANTAMIENTO REPARO Y APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F/2026/27
00378/2026	NÓMINA EXTRAORDINARIA XUÑO 2026
00379/2026	REMISIÓN DE EXPEDIENTE AO XULGADO P.A. 126/2026, MARIA DEL CARMEN SANCHO BERNABEU CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA (EXPTE 2026/P002/000009)
00380/2026	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000039550 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
00381/2026	APROBACIÓN DO PLAN DE SEG. E SAÚDE DA OBRA DE AMPLIACIÓN E MELLORA DO PARQUE INFANTIL DA ÁREA RECREATIVA DA MAGDALENA. POS+2025 COMPLEMENTARIO
00382/2026	APROBACIÓN DO PLAN DE SEG. E SAUDE DA OBRA DE MELLORA DO PARQUE INFANTIL DA PRAZA DA CONSTITUCIÓN. POS+ADIC 2 2025
00383/2026	LEVANTAMIENTO REPARO Y APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F/2026/28 (GAS NATURAL)
00384/2026	SOLICITUDE DE CELEBRACION DE MATRIMONIO CIVIL NO CONCELLO DE CEDEIRA DE JAVIER NUÑEZ GONZALEZ E KRISTEL PASCUAL BRETAÑA
00385/2026	RECLAMACIÓN TGSS POR DÉBEDAS DO PERÍODO DE LIQUIDACIÓN 02 2026 03 2026
00386/2026	MODIFICACIÓN DA DESIGNACIÓN DE MEMBROS DO COMITÉ DE EXPERTOS NO EXPEDIENTE DE AMPLIACIÓN E REFORMA DA PISCINA MUNICIPAL
00387/2026	APROBACION GASTO TAXA AUGAS GALICIA PARA OBRA SENDEIRO NO RÍO MESTAS
00388/2026	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL PARA NECESIDADES BASICAS DE SUBSISTENCIA E GASTOS RELACIONADOS COA VIVENDA EXPTE TEDEC 2026/S009/000029



00389/2026	CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL POR CIRCUNSTANCIAS DA PRODUCCIÓN DE DON ÓSCAR CARBALLÉS BALADO COMO OPERARIO-CONDUCTOR A XORNADA COMPLETA DURANTE 180 DÍAS.
00390/2026	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000039606 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
00391/2026	DELEGACIÓN DE FUNCIÓNS DE ALCALDÍA NA PRIMEIRA TENENTE DE ALCALDE
00392/2026	CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE DOUS AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL PARA 2026 POR CIRCUNSTANCIAS DA PRODUCCIÓN DURANTE SEIS MESES.
00393/2026	DELEGACIÓN DE FUNCIÓNS DE ALCALDÍA NA PRIMEIRA TENENTE DE ALCALDE
00394/2026	DESIGNACIÓN DE AVOGADO NO SSS SEGURIDADE SOCIAL EN MATERIA PRESTACIONAL 214/2026 DE Dª MARIA DEL MAR LÓPEZ PÉREZ CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA E OUTROS (EXPTE 2026/P002/000010)
00395/2026	ACEPTACIÓN DA CESIÓN DUNHA CAMA HOSPITALARIA E COLCHÓN (EXPTE 2026/C009/000002)
00396/2026	NÓMINA XUÑO 2026
00397/2026	LISTAS DEFINITIVAS DE ADMITIDOS/AS, COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL E DATA DAS PROBAS PARA O PROCESO DE SELECCIÓN PARA CONTRATAR TRES PEÓNS/PEOAS E UN/UNHA LIMPADOR/RA AO ABEIRO DO PLAN DE EMPREGO LOCAL -PEL-CONCELLOS MEDIANTE A EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS DOS CONCELLOS DA PROVINCIA PEL CONCELLOS 2026
00398/2026	CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE DON FRANCISCO JAVIER ARGUELLES CAMPello PARA DESEMPEÑAR O POSTO DE AUXILIAR DE GARDA DA POLICÍA LOCAL, MEDIANTE CONTRATO POR CIRCUNSTANCIAS DA PRODUCCIÓN, CON EFECTOS DO 1 DE XULLO DE 2026 E ATA O 17 DE NOVEMBRO DE 2026, POR CUBRIR A VACANTE PRODUCIDA POLA RENUNCIA VOLUNTARIA DE D. FABIÁN RODRÍGUEZ IGLESIAS.
00399/2026	CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE DÚAS PERSOAS COMO INFORMADORAS/ES TURÍSTICAS/OS POR CIRCUNSTANCIAS DA PRODUCCIÓN
00400/2026	NOMEAMENTO DE BENIGNO PÉREZ GARCÍA COMO TESOUREIRO ACCIDENTAL DENDE O 3 AO 31 DE XULLO DE 2026
00401/2026	NOMEAMENTO DE DONA AINHOA LAMELAS RAMOS COMO FUNCIONARIA INTERINA PARA O POSTO DE ADMINISTRATIVO/A, CÓDIGO 15022AD-06, ADSCRITA AO DEPARTAMENTO DE ADMINISTRACIÓN XERAL, PARA A SUBSTITUCIÓN TRANSITORIA DA FUNCIONARIA DE CARREIRA DONA ELENA PAZOS VILELA.
00402/2026	CONTRATO MENOR DE SERVIZOS DE ACTIVIDADE ARTISTICA DURANTE AS FESTAS PATRONAIS - ESPECTACULO NUDO DE ROJO TELON
00403/2026	APROBACIÓN DO PROXECTO EMENDADO DE AMPLIACIÓN E REFORMA DO PARQUE INFANTIL DO FLOREAL
00404/2026	APROB. PROXECTO EMENDADO DE MELLORA DE ACCESOS E CORRECCIÓN DE DEFICIENCIAS NO GRUPO ESCOLAR DE SAA
00405/2026	ALTA DA ASOCIACIÓN ARELAR DIVERSIDADE FUNCIONAL NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS VECIÑAIS. (EXPTE 2026/R004/000004)
00406/2026	LEVANTAMIENTO REPARO Y APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F/2026/29 (CONSTRUSANSA)
00407/2026	LEVANTAMIENTO REPARO Y APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F/2026/30
00408/2026	MODELOS AEAT 111 E 303 DO SEGUNDO TRIMESTRE DE 2026
00409/2026	SOLICITUDE DE AES MUNICIPAL PARA GASTOS RELACIONADOS COA VIVENDA (ALUGUER) E NECESIDADES BASICAS DE SUBSISTENCIA(ALIMENTACION E HIXIENE) EXPTE TEDEC 2026/S009/000024
00410/2026	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL PARA NECESIDADES BASICAS DE SUBSISTENCIA, EXPTE TEDEC 2026/S009/000030
00411/2026	LEVANTAMIENTO DE REPARO DA FACTURA F/2026/1498
00412/2026	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000039694 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
00413/2026	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE E MOBILIDADE REDUCIDA EXPTE TEDEC 2026/V006/000011



00414/2026	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE E MOBILIDADE REDUCIDA EXPTE TEDEC 2026/V006/000010
00415/2026	P.A. 152/2026 PROMOVIDO A INSTANCIA DE MARIA MERCEDES PEREZ FERNANDEZ E JOSE LUIS CIRIA PASCUAL
00416/2026	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE E MOBILIDADE REDUCIDA EXPTE TEDEC 2026/V006/000012
00417/2026	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENT PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE E MOBILIDADE REDUCIDA EXPTE TEDEC 2026/V006/000013
00418/2026	SOLICITUDE DE CONCESION DA TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE E MOBILIDADE REDUCIDA EXPTE TEDEC 2026/V006/000015
00419/2026	SOLICITUDE DE EXPEDICION/ RENOVACION DA TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE E MOBILIDADE REDUCIDA , EXPTE TEDEC 2026/V006/000014
00420/2026	PRÓRROGA DA VIXENCIA DA BOLSA DE TRABALLO PARA REALIZAR CONTRATACIÓNS LABORAIS TEMPORAIS OU NOMEAMENTOS INTERINOS COMO AUXILIAR ADMINISTRATIVO
00421/2026	CONVOCATORIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA DO 10.07.2026
00422/2026	CONTRATACIÓN COMO PERSOAL LABORAL FIXO DE DONA EVA PÉREZ ÁLVAREZ PARA OCUPAR A PRAZA DE AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL (AEDL) TRAS REMATAR O PROCESO EXTRAORDINARIO DE ESTABILIZACIÓN. (EXPTE 2023/E001/000010)
00423/2026	DECRETO APROBACIÓN GASTO TAXA PORTOS DE GALICIA
00424/2026	CONVENIO CON AGADIC 2026 - CONTRATACIÓN ESPECTÁCULOS SEMESTRE 2
00425/2026	DELEGACIÓN DE ALCALDÍA NA CONCELLEIRA MARIA JOSÉ PERNAS DIAS PARA OFICIAR MATRIMONIO CIVIL
00426/2026	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAS MOZAS INSCRITAS NO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL- PROGRAMA I- TR350E
00427/2026	RELACIÓN DEFINITIVA DAS PERSOAS QUE SUPERARON O PROCESO SELECTIVO E PROPOSTA DE CONTRATACIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES QUE OBTIVERON PRAZA COMO PERSOAL LABORAL FIXO NAS DÚAS (2) PRAZAS DE PEÓN.
00428/2026	APROBACION GASTO TAXA PORTOS GALICIA PARA CELEBRACIÓN FESTA ACUÁTICA EN AREA LONGA
00429/2026	SOLICITUDE DE AXUDA FINANCIADA AO ABEIRO DAS AXUDAS DA CONSELLERIA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES PARA A ADQUISICIÓN DE VEHÍCULOS, AS SÚAS ADAPTACIÓNS E MAQUINARIA VINCULADA A ACTUACIÓNS DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS PR486F
00430/2026	APROBACIÓN DA PROPOSTA DA COMISIÓN SELECCIONADORA PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE TRES PEÓNS/PEOAS E UN/UNHA LIMPADOR/A AO ABEIRO DO PLAN DE EMPREGO LOCAL PEL-CONCELLOS 2026 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA
00431/2026	CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO DE PASARELAS DE PRAIAS
00432/2026	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000039794 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
00433/2026	APROBACIÓN DO ACORDO DE AGRUPACIÓN DOS CONCELLOS DE CARIÑO, CEDEIRA, CERDIDO, MAÑÓN E ORTIGUEIRA PARA A SOLICITUDE DA SUBVENCIÓN DO PROGRAMA DE APOIO AO CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER 2026 (EXPTE 2026/A006/000009)
00434/2026	SOLICITUDE DE CELEBRACION DE MATRIMONIO CIVIL - CARLA E JOHN EDISON
00435/2026	CONVOCATORIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE PLENOS ORDINARIA DO 24.07.2026
00436/2026	PARTICIPAR DE FORMA ASOCIADA COS CONCELLOS DE CARIÑO, CERDIDO, MAÑÓN E ORTIGUEIRA, NA SOLICITUDE, MEDIANTE O SISTEMA DE XESTIÓN COMPARTIDA DAS SUBVENCIÓNS CONVOCADAS MEDIANTE ORDE DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE, DE 3 DE XUÑO DE 2026 (DOG NÚM. 109 DO 12.06.2026) (EXPTE 2026/A006/000009)
00437/2026	LEVANTAMIENTO REPARO Y APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F/2026/33 (GAS NATURAL)
00438/2026	ASISTENCIAS MEMBROS CORPORACIÓN MUNICIPAL COMPLEMENTARIO DE MAIO DE 2026 E DE XUÑO 2026
00439/2026	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000039882 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO



00440/2026	CONTRATACIÓN DE TRES PEÓNS E UN LIMPADOR AO ABEIRO DO PLAN DE EMPREGO LOCAL PEL-CONCELLOS 2026 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA
00441/2026	LEVANTAMIENTO REPARO Y APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F/2026/32
00442/2026	LEVANTAMENTO DE REPARO DAS FACTURAS F/2026/1488, F/2026/1833, F/2026/2012
00443/2026	CERTIFICADO DE QUE NON EXISTE INCOADO EXPEDIENTE DE REPOSICION DA LEGALIDADE URBANISTICA A NOME DE JUSTO CALVO PEÑA
00444/2026	CONVOCATORIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA DO 24.07.2026
00445/2026	REMISIÓN DE EXPEDIENTE AO XULGADO P.A. 152/2026, Mª MERCEDES PÉREZ FERNÁNDEZ E JOSÉ LUÍS CIRIA PASCUAL CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA (EXPTE 2026/P002/000011)
00446/2026	APROBACIÓN DA LISTA PROVISIONAL DE PERSONAS ADMITIDAS E EXLUIDAS E REQUERIMENTO DE ENMENDA DE DOCUMENTACIÓN DO PROCESO DE SELECCIÓN DE TRES (3) PRAZAS DE ADMINISTRATIVO/A COMO FUNCIONARIO/A DE CARREIRA (SUBGRUPO C1) MEDIANTE OPOSICIÓN LIBRE E CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO .
00447/2026	PRÓRROGA DOS CONTRATOS LABORAIS TEMPORAIS DE LAURA YANELA MERCADO CRUZ, LIDIA GALDO DÍAZ E MARÍA CONSUELO FREIRE BELLO COMO AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR POR CIRCUNSTANCIAS DA PRODUCCIÓN.
00448/2026	APROBACIÓN DA LISTA PROVISIONAL DE PERSONAS ADMITIDAS E EXLUIDAS E REQUERIMENTO DE ENMENDA DE DOCUMENTACIÓN DO PROCESO DE SELECCIÓN DE TRES (3) PRAZAS DE ADMINISTRATIVO/A COMO FUNCIONARIO/A DE CARREIRA (Subgrupo C1) MEDIANTE OPOSICIÓN LIBRE E CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO
00448/2026	CONVOCATORIA PLENO ORDINARIO DO 30.07.2026

O Pleno dáse por enterado.

9. MOCIÓNS DE URXENCIA

Pola Presidencia pregúntase se algún dos presentes desexa someter á consideración do Pleno, por razón de urxencia, algún outro asunto non comprendido na orde do día que acompaña á convocatoria e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas, non presentándose ningún.

10. ROGOS E PREGUNTAS

Aberto o turno de rogos e preguntas, o Sr. Cribeiro García di: Si, a primeira pregunta é se ten coñecemento o Concello de Cedeira de cómo está o convenio de limpeza das faixas nas fincas colindantes e os seus núcleos, o seu estado actual de limpeza e se se está a executar dito convenio? Cremos que como se inicie lume en distintas zonas de Cedeira, arderá toda Cedeira. E non é un prognóstico, é un temor que manifestan os veciños de toda Cedeira. Queremos saber se se está executando ou non.

O Sr. Alcalde di: María, podes contestar ti?

A Sra. Pernas Díaz di: Refírestes ás franxas secundarias que están agora...?

O Sr. Cribeiro García di: Si.

A Sra. Pernas Díaz di: Pois tivemos unha charla co de Seaga, que é o que se encarga deste trámite, e díxonos que para a semana que ven ou para a seguinte, entre a semana do 10 e do 15, se vai a presentar para facer a segunda revisión de cómo está todo feito. Entón, de aí se partirá xa a segunda revisión ven con multa engadida. Despois, temos un problema coas fincas que están en investigación, porque hai moitas fincas que están en investigación sen propietario, que iso xa leva un trámite moito máis longo porque hai que, primeiro; facer informe e levalo para poder facer unha execución subsidiaria.



O Sr. Alcalde di: O que estivemos falando, que foi un debate que tivemos en Secretaría, é que nosoutros realmente sen unha orde xudicial... É dicir, estamos impoñendo multas, pero, ao final, aínda que impoñas multas non conseguimos que desbrocen as parcelas que é realmente o que máis nos interesa, máis que que nos pague a multa. O que interesa é que desbrocen a parcela, entón, como moitos aparecen como herdeiros de...

A Sra. Pernas Díaz di: En investigación.

O Sr. Alcalde di: O que acabas de dicir, que igual non o aprecia ninguén, agora estamos cun núcleo, como lle chaman? A que está alí na avenida da Area.

A Sra. Pernas Díaz di: Será a de D. Rodrigo.

O Sr. Alcalde di: A de D. Rodrigo, é igual, herdeiros de, entón agora estamos tramitando por un lado o tema das multas e, polo outro lado, intentar, cando se faga o trámite e pasen os trámites, metelo no Xulgado para que o Xulgado nos de a autorización xudicial para entrar nosoutros a limpar e despois, bueno, quedaralle unha carga á finca que será como unha carga que irá ao Rexistro da Propiedade.

A Sra. Pernas Díaz di: E como a casa de D. Rodrigo, aínda estiven eu hoxe, en Vilacacín hai outra que ten moitísimos problemas tamén, é que ten pegada unha ruína con maleza e, claro, estamos con eses trámites agora.

A Sra. Iglesias Bereijo di: E, por exemplo, se se está pendente de que che vaian a desbrozar ou a cortar, sen problema, non?

O Sr. Alcalde di: Como?

A Sra. Pernas Díaz di: Cando veñen a facer a revisión?

A Sra. Iglesias Bereijo di: Presentando o papel...porque eu teño, por exemplo, na Ribeira teño un problema, ata agora non...

O Sr. Alcalde di: Non che dan cortado. A ver, foi unha das cousas que se falara cando fixeran a primeira revisión e claro, son moitas parcelas e moitos sitios e igual para un maderista, claro os maderistas estanse a meter en fincas grandes que son as que ao final lles interesa. Entón, cando son de poucos ferrados eu supoño que tamén seguen dando esa posibilidade de prórroga, porque se ti xustificas que non tes a ninguén que che poida cortar...

A Sra. Iglesias Bereijo di: Eu máis que nada porque está ao lado da casa do da auga. Igual que a min non me gusta que me teñan agobiada, tampouco me...pero ata agora era imposible.

O Sr. Cribeiro García di: De todos modos cremos que por parte vosa, do Concello, debiades de insistir a través dun bando ou calquer tipo de comunicación de que a xente ten que ser responsable e ten que limpar.

A Sra. Iglesias Bereijo di: Ti vives coma min en Viriño e ben ves. Dios me aparte que arda a do lado que chega ata a casa de María. A un lado e a outro, quéreslle comprar e non che venden. Bueno, a de Panchito xa non se me ocorre, pero ao mellor aínda é asequible, en fin.



A Sra. Pernas Díaz di: Sabes que pasa? Que si que é certo que ese caso si que pode ser algo moi parecido a o que é o eucalipto. Hai parcelas de eucalipto que están sen cortar, pero si están vendidas, entón ti se presentas que tes vendido a un maderista e que non cha foi a cortar por falta de tempo por tal e cual, vanche dar un prazo antes de meter a multa. Pero bueno, os de Seaga van vir agora.

O Sr. Alcalde di: Eu falando con alcaldesas e alcaldes de Galicia comentaban que están a ter un problema e tamén teríamos que intentar axilizar de tal forma o procedemento que puidésemos nós, non digo cortar eucaliptos, pero si desborzar parcelas sen ter que vir cunha orde xudicial que ao final as multas...

A Sra. Iglesias Bereijo di: Así que che vai un par de veces ao bolsillo, xa te mides.

O Sr. Alcalde di: Non, non, non. Cando ven unha túa particular e vende, ese corta, pero cando pertence a herdeiros de ninguén se fai cargo. O importante que é? Recadar 30.000 euros en multas ou que haxa un incendio? Aquí, nesta comarca, temos moita sorte.

A Sra. Iglesias Bereijo di: E que che caian encima os eucaliptos. No verán estás pendente de se vas arder, e por iso eu digo na Ribeira a que teño está vendida dende fai...

O Sr. Alcalde di: Bueno, como di María, se está vendida e tes a forma de xustificalo.

A Sra. Iglesias Bereijo di: Bueno, vendida a madeira, senón meu sobriño...

O Sr. Alcalde di: Non, non, a madeira.

A Sra. Pernas Díaz di: Se tes a forma de xustificalo si que é certo que eles vanche dar un tempo, sabes?

A Sra. Iglesias Bereijo di: Claro.

A Sra. Pernas Díaz di: O que pasa é, o problema a maiores está nos que están en investigación, herdeiros de que non aparecen e cousas destas. Que hai xente que ten os eucaliptos pegados á casa e que lles cortaron todo e quedou a finca alí pegada e que non aparecen.

O Sr. Alcalde di: Cartas non sei cantas se poden enviar.

A Sra. Prieto Cal di: E moitas volven. A cantidade de cartas que se mandan e a cantidade de cartas que volven do carteiro que non colle ninguén a notificación.

O Sr. Alcalde di: A notificación e acábase publicando no BOE.

A Sra. Prieto Cal di: As listas de publicación no BOE eran de non sei, pero unha animalada de fincas.

A Sra. Iglesias Bereijo di: Tamén hai moitas que igual están se pasar, herdeiros de que están vendidas, pero que non cambian de nome porque non se elevan a público.

A Sra. Prieto Cal di: Saíron tamén moitas cousas que saían repetidas.

O Sr. Alcalde di: Estamos tendo moita sorte, que noutros temos unha comarca: Cerdido, Cedeira, Valdoviño –perdón- Cariño.

A Sra. Iglesias Bereijo di: En Cerdido hai patrullas.



O Sr. Alcalde di: En Cedeira había ata o ano pasado que era a través de Promace. Non, as patrullas fanas a través de Promace. Non sabes? Íanse turnando e íanas facendo.

A Sra. Pernas Díaz di: Si, íamos de noite.

O Sr. Alcalde di: Si, ían de noite a vixiar, pero este ano creo que non, non?

A Sra. Pernas Díaz di: Promace acabouse.

O Sr. Alcalde di: Claro, é que Promace acabouse.

O Sr. Cribreiro García di: Outra pregunta; en que data concreta se asinou o novo contrato coa empresa adxudicataria do servizo de recollida de lixo do Concello de Cedeira?

O Sr. Alcalde di: Teño que comprobalo, de memoria non o sei.

O Sr. Cribreiro García di: Pero máis ou menos un mes ou algo?

O Sr. Alcalde di: Ti recordas?

A Sra. Interventora di: Hai máis dun mes.

O Sr. Alcalde di: Hai máis dun mes, si. E de dous tamén.

O Sr. Secretario di: Que contrato di?

O Sr. Alcalde di: O contrato do lixo.

A Sra. Interventora di: Non sei se serán seis meses ou así.

O Sr. Alcalde di: Si.

O Sr. Secretario di: Comigo non.

A Sra. Interventora di: Non. Seis meses, máis ou menos.

O Sr. Alcalde di: Confírmochos mañá, se queres, por teléfono, sen problema.

O Sr. Cribreiro García di: Váleme. Entón, ao final, queríamos facer un rogo; porque ante as numerosas queixas que nos transmiten os veciños de Cedeira de que despois da adxudicación do Grupo de goberno, Bloque e do PSOE de Cedeira, de máis de 8 millóns de euros, á anterior empresa seguimos igual ou peor. E sinto dicilo, pero o que eu dixen a xente acaba manifestándonolo que Cedeira cheira. Ven unha inspección de traballo pola varredora, e por dous camións pequenos, o punto limpo -limpo é un cualificativo que non debe empregarse neste caso- da noxo velo. Contedores rotos e sen limpar, beirarrúas adxacentes aos contedores cheas de porquería. Hai un decreto de Alcaldía 2026/G003/0000341 coa factura F/2026/1498 con reparo, cun reparo de novo pola Interventora do Concello de Cedeira, no que se paga á empresa Hallkuss polo servizo de recollida e transporte de xuño deste ano 2026 a cifra de 68.956,15 euros. Nós moito nos tememos que é a mesma empresa e o servizo, dende o noso punto de vista, é pésimo. O que pedimos dende aquí, para evitar males maiores nos vindeiros anos, a rescisión inmediata do contrato por non axustarse ás cláusulas que veñen nel.



O Sr. Alcalde di: Ese é o rogo?

O Sr. Cribeiro García di: Si. Unha pregunta...

O Sr. Alcalde di: Si, bueno, quería comentar que non sei cal é a varredora. A varredora é nova, non terá, haberá un mes que a hai. E logo contedores, a empresa ten x tempo para implementar certas cousas, como tamén temos nós dende o Concello para certas cousas como a recollida, por exemplo, do cartón porta a porta que se vai facer nos locais de hostalaría e máis os comercios. Pero bueno, tamén hai que recordar que os pregos que cando falamos dos seis millóns de euros aprobounos tamén o Partido Popular.

O Sr. Cribeiro García di: Pois por iso, por iso pedimos a rescisión do contrato.

O Sr. Alcalde di: Os pregos aprobounos o Partido Popular e ao final só se presentou unha empresa. É dicir, para rescindir un contrato non é tan sinxelo, pero bueno... Seguimos?

O Sr. Cribeiro García di: Si. Unha pregunta; se teñen os Concelleiros do PSOE e do Bloque constancia dos escritos da Valedora do Pobo de Galicia, das resolucións que afectan ao Concello?

O Sr. Alcalde di: Sempre, e contestamos todos en tempo e forma.

O Sr. Cribeiro García di: Non, pregúntolle aos Concelleiros se teñen constancia.

Os Sres. Concelleiros din: Si.

O Sr. Cribeiro García di: Todos?

A Sra. Prieto Cal di: Non sei se de todos

O Sr. Alcalde di: De todos igual non.

A Sra. Prieto Cal di: Igual non.

O Sr. Alcalde di: Os escritos normalmente primeiro se trasladan de Secretaría a Alcaldía porque a Valedora do Pobo diríxese á Alcaldía.

O Sr. Cribeiro García di: Por iso pregunto se teñen constancia os Concelleiros das resolucións da Valedora do Pobo.

O Sr. Alcalde di: Si.

O Sr. Cribeiro García di: Bueno, un rogo; varios veciños comunicannos que nunha páxina do Concello, en Facebook, hai unha publicación do Concello que di: coidar a nosa auga é responsabilidade de todos. Vou citar textualmente a queixa destes veciños. Previamente, señor Alcalde, dende o ano 2023 este Concello, recoñece a Valedora do Pobo por escrito que a tarifa de consumo mínimo é inxusta, así consta no expediente E.7.Q/13478/23. Tres anos despois sen fixar sequera unha data, ségueselle cobrando aos veciños de Cedeira por auga non consumida e pola depuración inexistente. Estes veciños –cito textualmente a queixa- no Concello teñen unha cara de cemento armado, dinlle aos veciños pechade a auga, pero imos a cobrala igual. E acaba a queixa cun xa está ben. Dinnos textualmente varios veciños de Cedeira que teñen un piso fóra de Cedeira que na Coruña, por exemplo, neste caso son tres persoas e gastan 15 ou 18 m³ que cobra EMALCSA por consumo. En Arteixo, o Concello de Arteixo ten unha empresa tamén nos din, Sumarte, que tamén é a mesma tarifa ou similar. En Cedeira, cobran 43 euros/m³



e tamén aos baixos, aínda que sexan tendas que só usan a auga para limpar. E acaban estes veciños dicindo, facendo unha reflexión, din que o que está pasando en Cedeira coa tarifa da auga é unha estafa. Dinnos tamén que é unha corrupción total que se lle segue cobrando aos veciños por un consumo que non é real. O rogo é que se solucione o tema que indica a Valedora do Pobo e se cobre aos veciños polo consumo real da auga.

O Sr. Alcalde di: Sobre isto varias cousas, primeiro vou empezar polo final, pola opinión da Valedora do Pobo e a reflexión que fai a Valedora do Pobo, cada concello ten a súa. Aquí primeiro houbo unha ordenanza que se tramitou que se está cobrando, esta ordenanza non a fixo este goberno, nin o anterior, senón cando se fixo a concesión da auga, iso en principio. A xente por que paga un piso igual aínda que non teña consumo? Pois porque ten mantemento, porque hai que pagar o mantemento da auga, porque unha persoa que sexa de Madrid e teña un piso en Cedeira, sabes? O que non pode ser é que cando veña a Cedeira, que veña a pasar un mes ou dous meses e tire da auga e só pague nese momento a auga, non, máis o saneamento, non. Ten que pagar o mantemento todo o ano, por iso hai un mínimo, un mantemento todo o ano. Igual debería haber tramos e no novo contrato terá que ir por tramos para adaptarse? Pois non digo que non, pero o mantemento hai que pagalo, senón temos que pagar os veciños de Cedeira o mantemento desa persoa durante once meses para que el teña dereito a ese mes de auga? Home, tampouco creo que sexa xusto.

Sobre o comunicado, o comunicado ven dunha xuntanza que tivemos a semana pasada, que nos pediron os das traídas das augas particulares de Cedeira e nos expuxeron a súa problemática que están a ter cos consumos desorbitados, sobre todo, de xente que non reside todo o ano aquí, que ven de fóra e igual cando chega ten uns metros cúbicos e igual o que fai e encher unha piscina e déixanos sen auga. Entón, o que nos pediron, por favor, é facer un comunicado para que houbera un uso responsable da auga e, xa que fixemos o comunicado para as augas das traídas particulares, tamén dixemos que o íamos facer de forma conxunta con nosoutros.

O Sr. Cribeiro García di: Tres anos son as comunicacións da Valedora do Pobo para que se actualice a tarifa que neste momento é esencial, e se quere, na mesma tarifa pode facer dous tipos de distincións; o consumo real e mantemento.

O Sr. Alcalde di: Xa vai nas tarifas así. Vai a cota de saneamento... a pena é o que pagamos nosoutros de saneamento e o que se paga de canon de vertidos á Xunta de Galicia, que se paga tamén esa cota que nosoutros pagamos todos no recibo de cada mes, perdón de cada tres meses, non veña revertido como ten que vir, como di a lei que ten que vir revertido aos concellos, para facer obras. E non o digo eu, dio a lei. É dicir, se colledes o recibo vedes canon de vertidos, multiplicades o canon de vertidos e ese diñeiro é o que nos ten que vir aos concellos da Xunta para facer a obras de mellora das potabilizadoras, da estación de bombeo, da depuradora ou do que sexa.

O Sr. Cribeiro García di: Na Coruña non sei se haberá algún madrileño que veña tamén e teña piso na Coruña. Non sei como pagarán, pero pagan por consumo real.

O Sr. Alcalde di: Non sei como o teñen na Coruña, xa che digo.

O Sr. Cribeiro García di: Non é o mesmo pagar por 15 m³ ou 20 que pagar unha tarifa fixa e plana, plana de todo, 48 creo que son, non?

O Sr. Alcalde di: Non, menos.

O Sr. Cribeiro García di: 47.

O Sr. Alcalde di: Menos, menos.



A Sra. Iglesias Bereijo di: 43 e algo, creo.

O Sr. Alcalde di: 40, non? Pero de que falas de diñeiro ou de...?

O Sr. Cribreiro García di: De diñeiro.

O Sr. Alcalde di: Ah! de diñeiro, si, 42 – 43.

A Sra. Iglesias Bereijo di: 43.

O Sr. Alcalde di: 42-43, por aí.

A Sra. Iglesias Bereijo di: A min 43 con algo, 43,80.

O Sr. Alcalde di: Iso pode pasar como a cota do lixo quen teña un piso aquí e non o utilice. E tamén ten que pagar a cota anual do lixo. Ao final ti tes que facer o balance, coma quen di ingresos e gastos, para que saia equilibrado.

A Sra. Iglesias Bereijo di: Si, pero por exemplo unha persoa que paga o lixo todos os meses a que o bota só unha vez ao ano, tamén lle hai que ter pena.

O Sr. Alcalde di: Xa, pero como fas?

A Sra. Iglesias Bereijo di: Poñer unha cota plana que ben se controla un edificio que está habitado.

O Sr. Alcalde di: Aquí temos a cota do lixo.

A Sra. Iglesias Bereijo di: Eu por exemplo podo falar a nivel persoal, encima tes a cota da auga que che cobran os 40 e pico de euros, vas abríla hoxe para cambiar e non, como levas todo o ano sen consumila, cérrucha. Tes que avisar para que veñan a abrírchala. Se estou pagando por un consumo, a min esa auga teño que chegar a casa e poder abrir, pechar...

O Sr. Alcalde di: Pero ti tes a auga aberta.

A Sra. Iglesias Bereijo di: Non.

O Sr. Alcalde di: A auga do Concello? A auga do Concello está sempre...

A Sra. Iglesias Bereijo di: Se pasas moito tempo. Se eu, por exemplo...

O Sr. Alcalde di: Non, non. Aínda que non a utilices a auga do Concello está sempre aberta. Sabes?

A Sra. Iglesias Bereijo di: Aberta está, pero por se hai trasvase e seguridade tes que chamalos, véñenche e non sei que lle fan.

O Sr. Alcalde di: Non, iso pasa moito nas traídas particulares. Non, pero quero dicir que nas traídas particulares si que fan moito trasvase.



A Sra. Iglesias Bereijo di: Eu téñoa particular e teño a do Concello. Loxicamente eu prefiro beber a da traída que para min será que estiven nos eses e ben vexo que calidade de auga hai. Eu agora pecho unha e a do Concello non sae.

O Sr. Alcalde di: Si, si. Iso é porque tes que ter ti algún trasvase nos enganches que tes.

A Sra. Iglesias Bereijo di: Non, non porque o ano pasado fíxose obra...

O Sr. Alcalde di: Mira, pasou este ano un caso dunha persoa que non pagaba porque tíñao de aluguer e os do aluguer non lle tiñan contrato e, ao non ter contrato e era de herdeiros de, entón tamén lle deron un tempo. Deixámoslle a auga, deixáronlle tempo, seguiron sen presentar o contrato e, ao final, cha cortan e a precintan. Pero aínda que non a consumas, se ti estás pagando non cha cortan, eh?

A Sra. Iglesias Bereijo di: Eu a verdade é que non abrín nin pechei, estou coa que estou por uns veciños que non vou chilar, collino como se son eu, pero... A persoa que mo dixo confío plenamente nela.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás 20:38 horas do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretario, dou fe.

O PRESIDENTE
PABLO DIEGO MOREDA GIL

O SECRETARIO
NEDAL PABLO SHEHADEH REY